

13



## Ollos abertos

### Persoas creadoras

Os seres humanos realizan obras que admiramos profundamente pola beleza que teñen ou pola utilidade que prestan.

#### ■ Quedamos admirados ante...



O **escultor** que dá forma de persoa, animal ou obxecto a unha pedra ou a un madeiro sen vida.

O **pintor** que sobre un lenzo ou papel pinta un retrato ou unha paisaxe que parece coma unha foto perfecta da realidade.

O **músico** que compón unha canción ou peza musical bonita ou toca un instrumento con gran mestría.

O **director de cinema** que é capaz de facer unha película que contemplamos con tanta atención que se nos pasan as horas sen sentilo.

O **restaurador** que, a base de moita paciencia, deixa coma novo un obxecto ou unha obra de arte moi deteriorados polo paso dos anos.

O **inventor** dun aparato ou unha máquina que desenvolve un traballo difícil de realizar por moitas persoas xuntas.

- ▶ ¿Cales destas persoas che merece máis admiración? ¿Por que?
- ▶ A ti, ¿qué che gustaría crear?



## Mirada penetrante

### Actuar en beneficio dos demais

É bonito facer unha obra material fermosa, pero é máis fermoso aínda realizar cousas en beneficio dos seres vivos: plantas, animais e, sobre todo, persoas.

#### ■ Persoas que actúan en beneficio dos demais



O agricultor que sementa unha semente, coida a planta regándoa, abónaa, para que medre e produza flores e froitos.



O artista que modela, en distintos materiais, para conseguir figuras que producen admiración.



O médico que cura unha persoa enferma e lle axuda a recuperar a saúde, a vitalidade e a forza.



O educador que lles axuda aos nenos a medrar e chegar a ser unha persoa adulta que se comporta de maneira responsable e libre.

- ▶ ¿Cal destas obras che parece máis importante? ¿Por que?
- ▶ ¿Que outro tipo de persoas actúan en beneficio dos demais?

Persoas	Porque...



## Oídos atentos

### A obra do Espírito Santo

Xesús regalounos como un don ao Espírito Santo, para que a vida nova de Deus naza en nós, se desenvolva e alcance a súa plenitude.

■ Todo o bo que hai en nós é obra do Espírito Santo

O Espírito Santo é coma...

- O agricultor que sementa a vida de Deus en nós, cóidaa e faina medrar, para que produza froitos de boas obras.



- *¿Non sabedes que o Espírito Santo habita en vós? (1 Cor 3,16)*

- O artista que vai modelando a nosa forma de pensar, as nosas actitudes e comportamentos a imaxe das de Xesús.



- *Cando veña o Espírito da verdade guiaravos cara á verdade completa. (Xn 16,13)*

- O médico que cura os nosos fallos, que alivia os nosos sufrimentos, que purifica e limpa os nosos pecados.



- *Salvounos, non polas obras boas que nós fixemos, senón polo poder renovador do Espírito Santo. (Tit 3,5)*

- O educador que nos ensina, oríentanos, corríxenos, anímanos a parecermos cada día máis a Xesús.



- *Pero agora somos libres para servir a Deus conforme á nova vida do Espírito. (Rom 7,6)*

▶ Le con atención os textos bíblicos referidos ao Espírito Santo.

▶ Elixe nos distintos apartados da columna da dereita algún texto que faga referencia aos símbolos ou imaxes do Espírito que aparecen na columna da esquerda: agricultor, artista, médico, educador.





## Memoria esperta

### O Espírito Santo en nós

A Igrexa recibiu de Xesús o Espírito Santo e proclama que El vive en nós e dános a vida nova. Por iso nos invita a crer nel e a deixarnos guiar por El.



## Mans activas

### Deixarnos guiar polo Espírito

Debemos deixarnos guiar polo Espírito Santo, rexeitar todo o negativo e seguir polo camiño que El nos marca.

#### 1 Os que se deixan levar polos gustos

- Comen só o que lles gusta.
- Estudan só cando teñen ganas.
- Axudan só cando lles apetece.
- Son amigos só dos que lles caen ben.
- Pórtanse ben só cando están de bo humor.
- Son amables e cariñosos só cando están de boas.
- Non rezan nin van á misa porque se aburren.

▶ ¿Cres que podemos deixarnos levar polos gustos do momento?

▶ ¿Actúas ti algunha vez desta maneira? ¿Cando?

#### 2 Os que se deixan levar polo Espírito Santo

Os froitos do Espírito	Maniféstanse en...
1 <input type="text"/>	1 <input type="text"/>
2 <b>Gozo</b>	2 Satisfacción polo ben realizado.
3 <input type="text"/>	3 <input type="text"/>
4 <input type="text"/>	4 <input type="text"/>
5 <b>Longanimidade</b>	5 Fortaleza para superarse nas tarefas de cada día.
6 <input type="text"/>	6 <input type="text"/>
7 <b>Benignidade</b>	7 Bos sentimentos coas persoas.
8 <input type="text"/>	8 <input type="text"/>
9 <input type="text"/>	9 <input type="text"/>
10 <b>Modestia</b>	10 Moderación e sinxeleza nos modais e actuacións.
11 <b>Continencia</b>	11 Control e dominio dos propios actos.
12 <b>Castidade</b>	12 Limpeza de pensamentos, palabras e obras.

▶ ¿En cal necesito mellorar?